

Concello de Viveiro

EXPEDIENTE: 2301/2024

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Dna. María Loureiro García, Alcaldesa do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

No Boletín Oficial da Provincia número 127, de 03 de xuño de 2024, publica a convocatoria do proceso para a selección de **UN XEFE DE BRIGADA**, que prestará servizos temporais no Concello de Viveiro, ao amparo do Convenio de colaboración suscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Viveiro para a participación.

No Boletín Oficial da Provincia número 168, de 20 de xullo de 2024, publica o establecemento de un novo prazo de presentación de solicitudes para a selección de persoal, con carácter temporal, para un posto de **UN XEFE DE BRIGADA**, que prestará servizos temporais no Concello de Viveiro, ao amparo do Convenio de colaboración suscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Viveiro para a participación.

Vistas as bases xerais e específicas que teñen por obxecto establecer o procedemento de selección a empregos temporais do Concello de Viveiro para prestar servizos no Concello de Viveiro ao amparo do Convenio de colaboración suscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Viveiro para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais 2024.

Vista a Resolución de Alcaldía de data 18 de xuño de 2024 nomeando aos membros do Tribunal do proceso selectivo para a contratación de un xefe de brigada, non incluído no cadro de persoal do concello.

Vista a base xeral 8.1, que sinalan "(...) **Lista provisional.-** Rematado o prazo de presentación de solicitudes, e nomeado e constituído o Tribunal, procederase por este á comprobación das instancias presentadas realizando proposta de lista provisional de admitidos e excluídos, que será aprobada pola Alcaldía. Esta Resolución dictarase no prazo máximo de 10 días.

A lista provisional de admitidos e excluídos publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello, na web municipal, e no taboleiro de anuncios dixital.

Nesta lista figurarán os apelidos e nome dos aspirantes e si están exentos ou non da realización da proba de coñecemento da lingua galega. No caso dos aspirantes excluídos especificarase o motivo de exclusión..."

Tendo en conta que dada a urxente e inaprazable necesidade da contratación de un xefe de brigada para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais, ao abeiro do Convenio de Colaboración suscrito entre a Consellería Do Medio Rural e o Concello de Viveiro, e atendendo ao inicio da época de verán e os perigos que conleva os incendios forestais.

RESOLVE:

PRIMEIRO.- Citar aos membros do Tribunal para o día 30 de xullo de 2024 ás 08:30 h., ós efectos de levar a cabo a revisión da documentación presentada polos aspirantes presentados nesta segunda convocatoria e elaborar a proposta de lista provisional de admitidos e excluídos.

SEGUNDO.- Contra esta resolución os aspirantes poderán interpoñer potestativamente recurso de reposición diante do Presidente no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación desta resolución no Taboleiro de Anuncios ou ben recurso



Concello de Viveiro

contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á citada publicación, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

Mándoo e asínoo en Viveiro, á data que consta á marxe

A Alcaldesa,

María Loureiro García

Ante mín, A Secretario, ós efectos do artigo
3.2 do Real Decreto 128/2018.

María Luz Balsa Rábade

(DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE)

